

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de abril de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. José Manuel Fernández Pérez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día dezaseste de abril de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(456).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(457).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS VOLUMINOSOS (LER 20 03 07) DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 5414/252.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.04.15, e o informe xurídico do 15.04.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 7.04.15, conformado polo concelleiro da Área de Distritos, parques e xardíns, limpeza e comercio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 27 de febreiro de 2015 o Concelleiro Delegado do Servizo de Limpeza acordou iniciar o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos residuo voluminosos (LER 20 03 07) da Cidade de Vigo.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado polo xefe do Servizo de limpeza de data 27-2-2015.*
- Resolución do Concelleiro delegado de limpeza de 27 de febreiro de 2015 pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.*
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) redactado polo Xefe do Servizo de Limpeza e asinado en data 12 de marzo do 2015, así como a memoria xustificativa do contrato da mesma data.*
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 13 de marzo do 2015 sobre cumprimento dos requisitos legais mínimos para a tramitación do contrato.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola xefa do servizo de contratación en data 13 de marzo do 2015.*
- Dilixencia da Asesoría Xurídica de data 19 de marzo do 2015 devolvendo o expediente para aclaración, corrección e incorporación de documentación.*
- Informe aclaratorio sobre a relación que ten o presente contrato para a xestión dos residuos voluminosos, co contrato de recollida de residuos da cidade de Vigo que remata o 31 de marzo do ano 2017, asinado o 24 de marzo do 2015 polo Xefe do Servizo de Limpeza.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares corregido, asinado pola xefa do servizo de contratación en data 25 de marzo do 2015.*
- Informe favorable ao expediente de contratación asinado pola Asesora Xurídica e a letrada Titular da Asesoría Xurídica municipal de data 30 de marzo do 2014, cunha obsrevación á clausula 6E das FEC do PCAP, e a necesidade de incorporación ao expediente da xustificación de se este contrato implicará redimensionamento do contrato vixente de recollida de residuos.*
- Informe de data 31 de marzo do 2015 do Xefe de Servizo de Limpeza coa xustificación de que a celebración deste contrato non implica redimensionamento do contrato de recollida de residuos.*

- *Prego de cláusulas administrativas particulares definitivo, asinado pola xefa do servizo de contratación en data 6 de abril do 2015.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art artigo 109.1 do texto refundido da LCSP, iníciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 29 de xullo de 2014 nos concelleiros de Area. O Concelleiro de Limpeza en resolución de 27 de febreiro de 2015 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como preveé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do Servizo de Limpeza en data 12/03/2015, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Contratación o 6/04/2015.

Terceiro: O procedemento elexido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 109 do TRLCSP.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da lei de Contratos do Sector Público, emitiuse pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo o día 30 de marzo do 2015 informe favorable ao expediente de contratación.

Quinto.- No artigo 109.3 e apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP se establece que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización previa o incorporará a Intervención Xeral previo á aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de Contratos do Sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP), e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar o gasto de 464.544 euros Ive engadido, repartidos nas anualidades de 116.136 euros no ano 2015, 232.272 euros no ano 2016 e 116.136 euros no ano 2017, para a contratación do servizo de xestión dos residuos voluminosos (LER 20 03 07) da cidade de Vigo, que se imputará á Partida 1623..2270017 “Outros vertidos e tratamento do lixo”.

2º.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para a xestión dos residuos voluminosos (LER 20 03 07) da cidade de Vigo, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 12 de marzo do 2015 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo por este procedemento de data 6 de abril do 2015.

3º.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(458).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PROXECTOS “OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIÓDOS, FASE 2” E “ PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA”. EXPTE. 3208/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.04.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 15.04.15, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- Por Decreto do Alcalde, de data 3 de xuño de 2014, delegouse no Concelleiro delegado da Área de Fomento, D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do expediente conducente o desenvolvemento da actuación denominada “Investimento de mellora e reposición grada de Río Estadio de Balaídos”.

2.- En relación coa primeira fase da Grada de Río, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria e urxente do 29 de xullo de 2014, dentro do ámbito do plan director e co carácter de actuacións iniciais, aprobou o proxecto “OBRAS E REFORMA DE CUBERTA DA GRADA DE RÍO E CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO ESTADIO DE BALAIÓDOS” FASE 1 E FASE 2”, de acordo aos seguintes importes:

<i>Fase I:</i>	<i>1.680.000,00 euros.</i>
<i>Fase II:</i>	<i>2.560.250,88 euros.</i>
<i>Total:</i>	<i>4.240.250,88 euros.</i>

A FASE I das OBRAS E REFORMA DE CUBERTA DA GRADA DE RÍO E CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO ESTADIO DE BALAIÓDOS, foi licitada polo Concello de Vigo e foi adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/12/2014 por un importe de 1.136.016,00 €.

3.- Por decreto do Alcalde de data 5 de decembro de 2014, delegouse no Concelleiro da Area de Fomento, Transporte e Contratación, D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a coordinación, dirección política e técnica, xestión, seguimento, tramitación e execución do DESENVOLVEMENTO DO PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIÓDOS.

4.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 15 de decembro de 2014, aprobou o PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIÓDOS, redactado polo Arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, coa finalidade de servir de referencia as actuacións para a súa remodelación e modernización, e convertelo nunha referencia deportiva e turística da Cidade. Dito Plan Director recolle as

actuacións previstas como necesarias aos indicados fins, agrupadas e secuenciadas de xeito ordeado para evitar retrasos e interferencias coa actividade habitual da instalación deportiva. O seu orzamento estimado total é de 29.453.535,80 euros, correspondéndose coa seguinte proposta de actuacións:

<i>Plan director de execución obras</i>	
<i>Actuacións</i>	<i>Previsión das inversións</i>
<i>Grada de Río</i>	<i>4.240.250,88 €</i>
<i>Grada Tribuna</i>	<i>4.500.000,00 €</i>
<i>Grada de Preferencia</i>	<i>2.211.589,28 €</i>
<i>Grada de gol</i>	<i>9.370.973,26 €</i>
<i>Grada de marcador</i>	<i>9.370.973,26 €</i>
<i>Total</i>	<i>29.693.786,68 €</i>

5.- O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra veñen traballando nunha proposta de convenio de colaboración no marco das súas propias competencias, e de acordo cos principios de cooperación económica, técnica e administrativa tanto en servizos locais como en asuntos de interese común regulados no marco da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Dita proposta de convenio ten por obxecto establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras de remodelación e modernización do ESTADIO DE FUTBOL MUNICIPAL DE BALAIIDOS na cidade de Vigo, a través de un plan de financiamento das actuacións a executar por ambas institucións.

Dito marco de traballo, estableceuse nunha proposta de acordo de colaboración para cofinanciar cunha proporcionalidade do 50 % a execución das obras vinculadas o DESENVOLVEMENTO DO PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIIDOS.

6.- A Xunta de Goberno Local con data 28 de xaneiro de 2015, aprobou un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, SAD, para a execución das actuacións comprendidas no Plan Director de Remodelación e Modernización do Estadio de Balaídos. Dito convenio entre outras consideracións contempla o compromiso por parte do Real Club Celta SAD de contratar, executar e pagar, ata a cantidade máxima de 2.000.000,00 euros (dous millóns de euros), os estudos, proxectos, obras e demais actuacións complementarias, necesarias para a execución do "Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos".

Desta actuación desprendese a proposta do proxecto de execución das obras do proxecto de "Primeira fase", "Grada de Preferencia", e unha "Segunda Fase", "Grada de Tribuna e Cuberta". Dito proxecto foi contratado directamente polo Real Club Celta de Vigo, SAD. O Arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo.

7.- Para o desenvolvemento destas actuacións foi necesario proceder a realización dun axuste técnico e orzamentario das diversas fases previstas no PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIIDOS. Deste xeito a adjudicación da Fase I da actuación da Grada de Río por un importe de 1.136.016,00 €, así como a necesidade de axustar tecnicamente o desenvolvemento das actuacións neste grada, levou implícito a necesidade de solicitar a empresa GALAICONTROL S.L, a revisión e reaxuste do

proxecto das “OBRAS DE REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIOS, FASE 2”, redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ, e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL. Este proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria e urxente do 29 de xullo de 2014, tiña un orzamente base de licitación máis IVE, DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS SESENTA MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (2.560.250,88 €).

8.- Con data febreiro de 2015 , a empresa GALAICONTROL, fai entrega o Concello de Vigo da revisión do proxecto das OBRAS DE REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIOS, FASE 2”, o cal contempla a renovación da fachada da Grada de Río, adaptando a resolución técnica as pautas establecidas no PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIOS, así mesmo o proxecto presentado contempla o acondicionamento xeral da Grada de Río en relación ao pechamento da fachada desta grada, así como os espazos interiores, coa mellora dos recorridos de evacións e reparacións estruturais no interior do estadio, así como a renovación da instalación eléctrica. O orzamento base de licitación do novo proxecto para as OBRAS DE REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIOS, FASE 2”, queda determinado no proxecto redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ, e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL cun importe incluído o IVE, de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS DEZ MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (2.310.250,88 €).

9.- O Real Club Celta de Fútbol, SAD, en cumprimento do convenio asinado, lle presenta o Concello de Vigo o PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA. Dito proxecto foi contratado polo Real Club Celta de Vigo, SAD, o arquitecto D. Pedro de la Fuente Crespo. Dito proxecto atopase adaptado as resolucións técnicas, así como as pautas establecidas no PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIOS.

10.- O “PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA” redactado polo arquitecto D. Pedro de la Fuente Crespo, contempla para esta fase, a demolición de cuberta existente actualmente, e a súa reposición por un elemento singular cuxa finalidade e de ser un elemento de cubrición e decorativo singular da grada de preferencia existente, para elo propoñen no proxecto presentado tamen o reforzo estrutural dos pilares de suxección de dita grada, mediante reforzos de pezas metálicas recubrindo os elementos de formigón existente cuxa finalidade e reforzala para soportar as cargas que poidan transmitir a nova cuberta proposta e protexela dos ambientes externos. A súa vez tamen se pretende unha nova distribución co supresión da zona porticada existente no lindeco coa vía pública para o seu aproveitamento de usos terciarios e lugares de reunión o servizo de uso característico deportivo existente.

O orzamento base de licitación incluído o IVE ascende o importe de CINCO MILLONS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CATRO CENTIMOS – 5.234.256,64 €.-

11.- Os axustes e adecuación das actuacións da Fase II da Grada de Río e a Fase II da Grada de Tribuna, atenden orzamentariamente os límites xerais definidos para a totalidade das actuacións previstas no PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIOS, as cales se corresponden cos seguintes axustes e importes finais:

Actuacións	Previsión inicial Plan	Proposta definitiva proxecto
------------	------------------------	------------------------------

	Director	de obra
Grada de Río (fase I)	1.680.000,00 €	1.136.016,00 €
Grada de Río (fase II)	2.560.250,88 €	2.310.250,88 €
Grada de Tribuna	4.500.000,00 €	5.234.256,94 €
Outros Gastos: Redacción proxectos Grada Río I,II Asistencias técnicas específicas, estudios técnicos de calculos, etc.	Incluidos nos importes anteriores	20.432,06 € 39.295,00 €
	8.740.250,88 €	8.740.250,88 €

12.- Dentro do marco das propostas de traballo para o desenvolvemento do convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, O Concello de Vigo, como titular do "Estadio Municipal de fútbol de Balaidos", asumirá as responsabilidades de contratación, dirección e execución das obras de acordo co TRLCSP.

II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: Se rexirán, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Libro II do TRLCSP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

2.- Elaboración do proxecto. O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSP.

Os proxectos que se someten a aprobación correspondense cos seguintes aspectos en orden á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSP e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

a.- OBRAS DE REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIOS, FASE 2", correspondese coa adecuación por parte do mesmo autor, do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria e urxente do 29 de xullo de 2014. O Novo proxecto que propón a aprobación con

este expediente, correspondese a adaptación técnica e económica das resolucións constructivas, así como as pautas establecidas no PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIOS. Este novo proxecto atopase redactado a través da empresa GALAICONTROL, pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ, e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL cun importe incluído o IVE, de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS DEZ MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (2.310.250,88 €). Este proxecto contempla o acondicionamento xeral da Grada de Rio en relación ao pechamento da fachada desta grada, así como os espazos interiores, coa mellora dos recorridos de evacións e reparacións estruturais no interior do estadio, así como a renovación da instalación eléctrica.

Consta no expediente informe preceptivo do Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos de 15 de abril de 2015.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS MESES.

b.- "PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA" Dito proxecto foi contratado polo Real Club Celta de Vigo, SAD, o arquitecto D. Pedro de la Fuente Crespo. Dito proxecto atopase adaptado as resolucións técnicas, así como as pautas establecidas no PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIOS. O proxecto contempla para esta fase, a demolición de cuberta existente actualmente, e a súa reposición por un elemento singular cuxa finalidade é de ser un elemento de cubrición e decorativo singular da grada de preferencia existente, para elo propoñen no proxecto presentado tamen o reforzo estrutural dos pilares de sujeción de dita grada, mediante reforzos de pezas metálicas recubriendo os elementos de formigón existente cuxa finalidade é reforzala para soportar as cargas que poidan transmitir a nova cuberta proposta e protexela dos ambientes externos. A súa vez tamen se pretende unha nova distribución coa supresión da zona porticada existente no lindeo coa vía pública para o seu aproveitamento de usos terciarios e lugares de reunión o servizo de uso característico deportivo existente.

O orzamento base de licitación incluído o IVE ascende o importe de CINCO MILLONS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CATRO CENTIMOS – 5.234.256,64 €.-

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS MESES.

3.-.- Supervisión do proxecto. Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable.

Consta no expediente informe preceptivo do Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos, D. Jorge Muñoz Rama de data 15 de abril de 2015.

Consta así mesmo informe do Enxeñeiro de Edificación D. Aurelio Adán Fernández da mesma data.

4.- Fiscalización. O artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido

económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material das inversións.

Por isto o expediente debe ser remitido á Intevención Xeral por si, pola súa natureza, considérase previsto informalo previamente a sometelo a coñecemento e resolución da Xunta de Goberno Local.

5.- Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

6.- Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

PRIMEIRO: Deixar sen efecto a aprobación realizada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria e urxente do 29 de xullo de 2014, en relación o proxecto de "OBRAS E REFORMA DE CUBERTA DA GRADA DE RÍO E CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO ESTADIO DE BALAÍDOS" FASE 2", cun importe de 2.560.250,88 euros, motivado pola necesidade de adecuar o mesmo a adaptación técnica e económica das resolucións constructivas, así como as pautas establecidas no PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIDOS, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 15 de decembro de 2014.

SEGUNDO: Aprobar o proxecto "OBRAS DE REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIDOS. FASE 2", correspondese coa adecuación por parte do mesmo autor, do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria e urxente do 29 de xullo de 2014. O Novo proxecto, correspondese a adaptación técnica e económica das resolucións constructivas, así como as pautas establecidas no PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIDOS. Este novo proxecto atopase redactado a través da empresa GALAI-CONTROL, pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ, e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL cun importe incluído o IVE, de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS DEZ MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (2.310.250,88 €).

TERCEIRO: Aprobar o proxecto "PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DA II FASE DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA" Dito proxecto foi contratado polo Real Club Celta de Vigo, SAD, o arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo. Dito proxecto atopase adaptado as resolucións técnicas, así como as pautas establecidas no PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIDOS. O orzamento base de licitación incluído o IVE ascende o importe de CINCO MILLONS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CATRO CENTIMOS – 5.234.256,64 €.-

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.